

O QUE PASABA EN 1996

NO MUNDO:



Despois de 36 anos de guerra civil en Guatemala, asínase un acordo de paz.

Benjamín Netanyahu vence nas eleccións de Israel e négase á formación dun Estado palestino e a devolver as terras árabes capturadas na guerra de 1967.


A guerrilla Talibán ocupa a capital de Afganistán e impón a lei islámica.

Apenas un minuto despois de despegar estoupa no aire o foguete europeo Ariane IV.

Bill Clinton consegue ser reelixido como presidente dos Estados Unidos.

Boris Yelsin gaña as primeiras eleccións presidenciais que se celebran en Rusia trala desintegración da URSS.

EN GALICIA:



Mil títulos en Galego.

O premio español de teatro recae no libro de Manuel Lourenzo "Veladas indecentes" e o de narrativa no libro "¿Qué me quieres amor?" de Manuel Rivas.

Despois de 60 anos o nacionalismo galego volta ao parlamento español.

Gonzalo Navaza publica: "Erros e Tánatos", Pilar Pallarés: "Libro das devoracións".

O día das letras é adicado a Xesús Ferro Couselo.

EN ESPAÑA:



José Luis Barrionuevo, ex ministro do Interior do Goberno socialista, é acusado de dirixir o GAL.


Despois de trece anos de goberno socialista, o Partido Popular gaña as eleccións en España.

Reinstáurase en España o xurado popular.

Unha riada asolaga o cámping de Biescas (Huesca) e causa a morte de 86 persoas.

O Goberno español desclasifica os papeis do Cesid sobre a denominada guerra suxa contra ETA.

EN ELVIÑA:



Curso 96-97

Noméase Vicedirectora a Mercedes Feijoo Díaz. Desaparece á figura do Vicesecretario.

Desenvólvese unha campaña de recollida de libros de texto usados para o alumnado con problemas económicos.

O Departamento de Filosofía propaga entre o alumnado os dereitos humanos recoñecidos pola ONU.

Inaugúrase o Centro de Saúde Mesoiro-Elviña.

O grupo Sardiña -que cumpre 14 anos con máis de 200 representacións- actúa no Teatro Jovellanos, de Gijón.

-O Grupo Eleonora Buse, do IB Eusebio da Guarda, representa aquí "O achado do Castro".

Debido ao Primeiro Encontro Internacional de "Contadores de Contos", Roger Colom actuou no Instituto.

Despois de varios anos indo a Palma de Mallorca, este curso os alumnos de 3º foron a Italia.

-Os alumnos de Arte van á exposición "Arco" de Madrid.

Olalla Muíños gaña a medalla da Olimpiada Nacional de Física.

-Francisco Javier Vázquez Araujo, consegue a medalla na Olimpiada de Física, fase galega.

-Medalla na Olimpiada de Química para a alumna Olalla F. Muíños Ruíz.

-Medalla en Linguas Clásicas para Nuria Couceiro Gómez e Beatriz Rumbo Regueiro.

Xubíbase a profesora Dolores Guerreiro del Castillo o 17 de Xuño do 1996.

